# Algalia



CANTIGAS E AGARIMOS
FUNDADA NO ANO 1921
Número 3 / Ano III - Outono 2001

Próximamente

WWW...

Cantigas

na rede

# EDITORIAL



Hola. Por fin. E é que o terceiro número de Algalia saíunos algo lento de seu. Fíxose de rogar e vén de demorarse uns meses na súa saída. Para os que pensan mal: non, o atraso non foi unha estratexia de mercado para crear certas espectativas nos fieis lectores da publicación. O atraso veu da man de tempos de cambio. Poñede por caso. Acaba o verán e comeza a mudar o tempo. O aire arrefría e a primeira humidade nas pedras fai que Compostela recenda distinto. Acaba o verán. Ou as vacacións. E todo volve ó que chamamos normalidade. Pero sempre paseniñamente. Andamos pola rúa entre o ceo e a terra. Entre o verán e o outono, arrastrámo-los pés nas mañás de Setembro. Renegamos dos luns de orballo, entre un tempo e outro. Iso pasou con Algalia. Ou con Cantigas. Mudamos. Xa non é o mesmo, pero sigue sendo o mesmo. Xa non somos os mesmos, pero seguimos sendo os mesmos. De vagariño recuperamos o noso ritmo de vida e un novo ritmo de vida. De todos é sabido que os cambios recíbense con medo e expectación, ilusión. Así pode sentirse Cantigas e Agarimos. E así elaboramos este novo número de Algalia. O fin e ó cabo, queremos que isto sexades vós e a cultura tradicional. Nada máis. Xa estamos aquí, nas túas mans, nun ano no que Cantigas e Agarimos cumpre 80 anos de traballo: un pasado importante, un punto de inflexión, o futuro.

**COORDINACIÓN XERAL:**
Sonia Mª Rodríguez García

**REDACCIÓN:**
Ana Rodríguez Fernández

**PUBLICIDADE:**
Montserrat Rivera Crespo
Marcos Botana García
Javier Sanmartín López
Óscar Barreiro Meijide
Rodrigo Gómez Carballo

**DESEÑO PUBLICITARIO E CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:**
Abraham Martínez González

**MAQUETACIÓN E PORTADA:**
Manolo Rey Romero

**FOTOGRAFÍA:**
Manuel Blanco

**ILUSTRACIÓNS:**
Diego Lamas López

**IMPRESIÓN:**
Gráficas Anduriña

**CANTIGAS E AGARIMOS**
Rúa Algalia de Arriba, 11-baixo
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 58 12 57
**cantigas@ole.com**

**XUNTA DIRECTIVA:**

**Presidenta:**
Mª del Carmen Rodríguez

**Vicepresidente:**
José García-Santamarina

**Tesoureiro:**
José Luis Vázquez Camino

O equipo editorial de Algalia non se fai responsable das opinións reflectidas na revista. Queda prohibida a reproducción total ou parcial de calquera texto ou material gráfico aparecido nesta publicación sen cita-la súa procedencia.

**Depósito legal**
PO - 230/99

# ÍNDICE

Editorial 1

80 Aniversario de Cantigas e Agarimos 3

Entrevista: Paulino Novo:
Secretario do arquivo sonoro de Galicia 4

As Regueifas 6

Entrevista: Francisco Javier Feijoo " Chisco"
Mestre do Conservatorio de música
tradicional da U. P. de Vigo 7

A Frauta Traveseira 10

Entrevista: Don Perfecto Anido 13

¿Folclore ou espectáculo? 14

O Pouso 16

Adiviñas 17

XV Concurso de Gaitas e Música Tradicional
CANTIGAS E AGARIMOS
Os gañadores da XV edición 18

Pasatempos 23

Un conto 24

Solucións pasatempos e adiviñas 24

# 80 Aniversario
## Cantigas e Agarimos

***O que somos debémosllo en grande medida á herdanza das numerosas persoas que, con máis ou menos dedicación, deixaron a súa pegada en Cantigas e Agarimos. Gracias.***

***Cantigas e Agarimos*** aterrou como coro neste mundo hai oitenta anos. ¿Os seus pais? Bernardo del Río Parada, Salvador Cabeza de León, Enrique S. Guerra e Camilo Díaz Baliño. E ser octoxenaria dálle a categoría de agrupación histórica do folclore galego, unha das catro que xurdiron da necesidade da expresión do que se vén chamando "nacionalismo popular". O Teatro Principal nas festas do Apóstolo de 1921 foi o nada despreciable marco para a verdadeira presentación en sociedade. Xa o fundador Bernardo del Río Parada se preocupou de recoller certo material do pobo coa idea de poñelo en escea. De Santiago a toda Galicia, e de Galicia...a 1936. A Guerra Civil truncou a posibilidade de viaxar a Barcelona e Sevilla e interrompeu o desenvolvemento de "Cantigas e Agarimos". O retorno foi en 1940. Pero a posguerra non foi doada para ninguén. Pero baixo nomes burocráticamente correctos (Coral Gallega de Educación y Descanso e, máis tarde, Rosalía de Castro) chegou a Galicia, Asturias e Madrid. Na invernía da Guerra Civil e no pequeno espertar da posguerra as agrupacións folclóricas como *"Cantigas e Agarimos"* tiveron un papel esencial para o futuro da lingua galega. Falar galego de portas para fóra era só posible en certos grupos culturais.

Chega o 1957. Cantigas xa ten casa propia. Algalia de Arriba, 11 converteuse na sé de ensaios e vida da familia. Dende 1959 mantivo un grupo permanente de teatro dirixido por Rodolfo López Veiga. Castelao, Carballo Calero e Álvaro Cunqueiro foron algún dos autores representados, nuns tempos nos que comezaba o lento e decidido traballo pola normalización da lingua e da cultura galego en tódolos eidos.

Os anos sesenta viron xermolar o grupo de baile. Nun principio era algo subsidiario nas actuacións do coro ata que pouco a pouco foi avanzando cunha identidade propia. Tamén as gaitas comezaron a soar máis acompasadas na Algalia de Arriba nesta década.

Nos anos sesenta nace o grupo de teatro da man de Rodolfo López Veiga

Chega Portugal e América (xa nos anos 70), cando Bos Aires e Montevideo volveron nas capitais espirituais da Galicia do éxodo voluntario ou involuntario.

Cando a base da recuperación e conservación comezaba a ter unhas directrices claras, chegou o tempo da transmisión. A Escola de Cantigas e Agarimos fundouse a comezos da década dos oitenta conscientes do baldeiro existente neste tipo de ensino. Un esforzo desinteresado dos compoñentes da agrupación que actúan como mestres e coordinadores da escola, permiten que 300 alumnos por ano asistan a calses de baile, pandeireta, gaita e percusión.

*"Cantigas e Agarimos"* ten presente a recuperación conservación e transmisión de formas da cultura tradicional, co grupo, coa escola e co traballo de investigación etnográfico dos seus membros buscando a memoria da Galicia que vive nos nosos maiores. Buscando, dignificando, normalizando, traballando. E pasándoo moi ben durante nada máis e nada menos que oitenta anos seguidos.

# *Paulino Novo*
## Secretario do Arquivo Sonoro de Galicia

Xa é a terceira vez que Algalia afonda no tema do Arquivo Sonoro de Galicia. E é que non nos podemos esquecer dunha referencia importantísima na Galicia Sonora, na que Cantigas ten o seu postiño de honra. Temos ademais cousas novas que contar porque á fronte da Galicia sonora hai un home que, coma quen di, acaba de aterrar no cargo de Secretario do ASG. É Paulino Novo, que hai menos dun ano engadiu un novo camiño á súa coñecida andaina profesional. Asesor Lingüístico da Radio Galega, Coordinador de Edicións Lea, Secretario da Fundación Premios da Crítica de Galicia, ademais de coordinador de numerosas publicacións, Paulino Novo vén de recolle-la testemuña de Afonso Vázquez-Monxardín, primeiro secretario e primeiro alento do Arquivo Sonoro de Galicia.



*Algalia.-* ***¿Que supón a túa chegada como coordinador con respecto á época anterior dirixida por Afonso Vázquez-Monxardín?***

*Paulino.-* Afonso é un historiador que puxo a andar todo isto totalmente entregado. Ocupouse do desenvolvemento das infraestructuras e conseguiu por si só material sonoro histórico que nos permite descansar no traballo diacrónico. Podemos agora centrarnos na recolleita sincrónica, isto é, tódolos sons que se están a producir e que son susceptibles de ter interese agora ou no futuro.

*A.-* ***¿Falamos logo dun xiro nos obxectivos?***

*P.-* Non, a xestión varía pero a esencia é a mesma. O Arquivo Sonoro de Galicia ten como obxectivo converterse en referencia dos Arquivos Sonoros de Galicia. Si que vou cambiar algunhas cousas. Ata agora, o material do Arquivo estaba limitado a xente que coñecía o que temos e que sabía tanto coma nós. Queremos dar a coñece-lo material de forma máis divulgativa e que o acceso sexa universal.

Surtido en pasamanería e galóns

Rúa do Vilar, 24 Teléfono 981 58 10 55

SANTIAGO DE COMPOSTELA



*Algalia de Arriba, 7*
*Teléfono 981 58 37 92*
*Móvil 629 93 23 24*
*Santiago de Compostela*

*A.- **A divulgación adquire así un papel primordial.***

*P.-* A catalogación e a divulgación son as tarefas que afrontamos na nova etapa. Por exemplo, a través de publicacións atractivas para todos como *Os Sons das Comarcas*. Buscamos que a xente recoñeza e dea valor a sons naturais e que forman parte do seu entorno que é a comarca. Son sons de todo tipo: antropolóxico, etnográfico, lingüístico, biolóxico, etc.

*A.- **Sabemos que o groso do patrimonio etnomusicolóxico de Galicia está en mans individuais e que se leva xa tempo tentando achegar posturas. ¿Cara onde van os novos esforzos do ASG neste senso?***

*P.-* O Arquivo Sonoro non ten vocación de aglutinar. Pero si a obriga de ter un coñecemento o máis exhaustivo posible, tratar de ser un punto de referencia e enlace para tódalas colecciòns particulares, investigadores e cidadáns.

*A.- **Entón, como entendes a política de adquisición de novo material***

*P.-* Nós non temos capacidade para andar comprando. Admítense doazóns, sabendo e facendo saber que iso vai ter un uso público. O que si se poden contemplar son fórmulas intermedias, como becas para unha boa catalogación. Non nos corresponde a nós sos dictar unha política, o que si debemos é estar atentos e receptivos ás indicacións e suxestións da xente que ten arquivos particulares. Non podemos entrar no xogo de pagar material, salvo que falemos de algo de importancia transcendental.

# A REGUEIFA

*A.-Para pedir a regueifa*
*señores lisensia pido*
*para que non digan despois*
*pícaro es atrevido*

*A.-Boas noites para todos*
*meu divino sacramento*
*ou mándennola regueifa*
*ou poñan cantor de dentro*

*A.-Estoume poñendo morado*
*casi como unha mora*
*se non teñen cantar de dentro*
*se non teñen haino fóra*

*A.-Dando voltas arredor*
*polo medio e pola beira*
*tamén me van a deser*
*se a madriña e solteira*

*A.-Válgame Dios meu amigo*
*tanche mirando pros pés*
*dime logo de onde és*

*B.-Vancho diser de contado*
*de andar polos camiños*
*son da terra de Carballo*
*de serca de Bergantiños*

*A.-Válgame Dios meu amigo,*
*válgame Dios de los sielos*
*a terra non che é moi boa*
*porque ahí haiche os rateros*

*B.-Vancho desir agora*
*polo medio e pola beira*
*xa te están avisando*
*ten coidado coa carteira*



*A.-Ta paresendo meu home*
*que te me fas algo pillo*
*non sei se non estarás*
*metendo a man no bolsillo*

*B.-Eu xa estou facendo eso*
*teño ganas de mirar*
*o xeito que hei de faser*
*pra esta man amarrar*

*A.-Válgame Dios meu amigo*
*agora vouche disir*
*xa imos medio cansados*
*hai que ver de repartir*

*B.-Pois dálle por onde queiras*
*pola volta de arredor*
*a ver se ti tes ahí*
*alghún bo repartidor*

*A.-Pois eu teño un aqui*
*que che pudía valer*
*e ti buscas outro*
*para podelo facere*

*B.-Vanche a disir agora*
*e que non se pase o recado*
*eu quedo da miña parte*
*vou nombrando a Eduardo*

*A.-Pois eu tamén vou disir*
*e non che sei como é*
*do meu lado vou poñer*
*a aquel amigho José*

# Francisco Javier Feijoo "CHISCO"

## Mestre do Conservatorio de Música Tradicional da Universidade deVigo

Francisco Javier Feijoó *"Chisco"* fala coma moita da xente que traballa á busca dos sons do pobo. Homes e mulleres novos que saben moito do vello. E iso semella imprimi-la seguridade do que sabe que está a facer algo importante. Homes e mulleres novos e galegos que saben moito do vello e galego. E iso fai recoñecer ós seus poetas. E é que el di ter entrado na música tradicional antes de falar e acórdase das festas cantadas de Sober, que empezaban ás dez da noite e remataban ás dez da mañá. Leva tempo á procura do que foi a nosa música. E tamén tempo procurando que non se esqueza. Chisco falounos así non só da súa relación cos sons tradicionais e co Canto Popular, senón tamén da súa actividade transmisora no Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular de Vigo, que dirixe Rodrigo Romaní. Porque igual que escoitou, quere que outros escoiten e fagan escoitar.

*Algalia.-* ***Ti es profesor de Canto Popular na Universidade Popular. ¿Como entendes a túa disciplina?***

*Chisco.*-Partimos da ensinanza de canto tradicional acompañado de todo tipo de percusións, gaitas,... A isto engádeselle a análise etnográfica das cancións, o contexto completa o senso das pezas.

*A.-¿E como encaixas o Canto Popular no conxunto do plano de estudios?*

*C.*-O plano de Estudios do Conservatorio paréceme ideal. Non se axusta a nada absolutamente establecido como unha LOXSE, por exemplo. Aí entra o xeito e a idea persoal de cada profesor. Pero sempre existe a coordinación levada por Rodrigo Romaní, que marca un mínimo de temas a tratar. Todo isto sempre resaltando a face tradicional da música galega; nunca, nunca, con formas alleas que, aínda sendo interesantes, nunca se tratan. Tamén coa instrumentación, tentamos actuar con todo o sentimento galego posible, sen marchar a outras beiras e outro tipo de concepcións de instrumentos.

*A.-¿Como é o proceso de aprendizaxe do Canto Popular?*

*C.*- En Canto Popular os alumnos veñen tres horas á semana e as clases son colectivas, pois cantar ó principio precisa certa desinhibición e un primeiro ano con 10 persoas ó redor reduce a vergonza. Despois vanse diminuíndo os grupos progresivamente, para facilitar un trato máis personalizado. En total son tres anos: un de Iniciación e Perfeccionamento I e II. Ademais de Canto Popular, os meus alumnos teñen un ano de Etnografía e Folclore, e tamén un ano de Conxunto Instrumental. Nas aulas de Conxunto Instrumental xúntanse gaitas, violíns, arpas, zanfonas e voces. O resultado é impresionante e divertidísimo.

*A.-¿Dende que perspectivas contemplas a materia?*

*C.*-Na miña aula temos linguaxe musical, coa intención de saber interpretar minimamente a partitura, seguindo unha melodía media que se axuste. E é que nunha recollida quizabes a señora cambia a melodía unhas seis veces, e tense que facer un compendio segundo uns parámetros melódicos determinados. Así podemos seguir unha certa fidelidade na afinación e na estructura.

Tamén facemos exercicios de respiración e de afinación, para o cal prescindo absolutamente de

"O puro pode que se acade cando vas de festa e tíraste media hora coa mesma peza porque hai xente que a baila"

cancións tradicionais porque soen ter melodías complexas con cambios de tonalidade e escalas en pequenas pasaxes de dificultade, sobre todo para un oído occidentalizado pola música dos 40 Principais. E como xa comentei analizamos a peza e incluímos todo tipo de percusións: pandeireta, pandeiro, cunchas, ferreñas, latas,...

*A.-Dentro do proceso de normalización dunha música ou dunha cultura, máis aló da explosión mediática, ¿que aporta o Conservatorio de Música Tradicional?*

*C.*-Dentro do conservatorio téntase sempre e en tódalas situacións aprende-lo que é a cultura tradicional musical, e de feito, no repertorio de tódalas clases o noventa por cento das pezas son recollidas (por min ou por outra xente como as Leilía), dos cancioneiros de principios de séculos, de investigacións en arquivos. Sen embargo, si se inclúe repertorio de composición actual para orientar ós alumnos respecto da existencia dunha música tradicional entendida como tal e da existencia de algo máis, distinto e ás veces antitético ó tradicional.

*A.-Non apostades logo por novos camiños*

*C.*-Evidentemente sempre é interesante que a xente coñeza que hai máis cousas. Pero sempre tendo claro que a nosa é esta. Que a xente teña as bases claras, que a realidade é a realidade e que os panos de cociña son panos de cociña e non mantóns de cachemira.

*A.-E o gusto polo tradicional, é evidente que tamén se traduce ás montaxes*

*C.*-Fronte ó agromar das pandereteiras e dos grupos aglutinadores da esencia da peza nunha estética e forma concreta, eu non fago montaxes de pezas. Cando facemos unha recollida, dámonos conta de que iso non ocorre, as señoras non teñen un protocolo de "empezamos con tres golpes, bótase cantiga, córtase aquí, faise un riscado alá,

"Tentamos actuar con todo o sentimento galego posible, sen marchar a outras beiras"

unha empeza cantando e outras seguen,...". É distinto. Vemos, por exemplo, que unha risca e outra non sabe. Normalmente cóllese o máis dificultoso porque o consideras máis representativo, pero tampouco se pode considerar como o auténtico.

*A.-Entón, ¿cómo trasladas o máis representativo?*

*C.*-Hoxe en día en grupos de pandereteiras de quince persoas atópaste con dúas que son unhas máquinas e as outras fan vulto. Iso tamén pasaba antes. Eu o que fago é explicar todo o que eu vin. Se dunha cinta podo sacar un total de corenta cantigas, con esa música e co papel diante, tocámolas todas e con moitas variacións. Sen embargo, cando pasas a Conxunto Instrumental si que acordamos unhas pautas. Na cla-

16
o·dezaseis
• Casa de Xantar •
Rúa de San Pedro, 16
Teléfonos 981 56 48 80 • 981 57 76 33
15703 Compostela

se intento que saiban que se facía de forma lúdico-festiva e que non existían uns modelos estrictos. Non era unha cousa de escenario, era algo que ocorría así.

*A.-¿Unha montaxe é unha mediatización?*

*C.-* Sempre existe mediatización cando non existe a naturalidade da aprendizaxe oral. É distinto que un rapaz vaia aprendendo dende pequeno coa súa avoa ou a súa nai, que un rapaz de vinte anos que recibe os coñecementos musicais nunha clase. Sempre vai estar influenciado, mediatizado, por exemplo, polo carácter do profesor. Nunca consegues que sexa totalmente puro, e iso pásanos a todos. O puro pode que

"Hoxe en día en grupos de quince pandereteiras atópaste con dúas que son unhas máquinas e as outras fan vulto"

se acade cando vas de festa e tíraste media hora coa mesma peza porque hai xente que a baila. Aí si que me recordan á xente maior.

*A.-¿Cal é a consecuencia de ter como xefe de filas a Rodrigo Romaní?*

*C.-* Rodrigo é un coordinador dun equipo moi bo de xente. Como coordinador ten un sistema que para a Administración é complicado de entender. Pídeche que cumpras un horario estricto,...uns mínimos. Pero é consciente de que un profesor tense que reciclar diariamente. É imposible que un profesor transmita ós alumnos unha imaxe fiel da música tradicional, se el non está metido en activo na música tradicional. É o que se chama evolución.

"Sempre existe mediatización cando non existe a naturalidade da aprendizaxe oral"

*A.- Porque no Conservatorio está xente como Xaquín Xesteira, de Treixadura, ou Anxo Pintos, de Berrogüetto.*

*C.-*Tódolos profesores temos unha actividade tan interesante fóra como a que temos dentro. Rodrigo Romaní ten a concepción de que se se prescinde desa vida acabarías sendo un axente estéril dentro da música tradicional. Esa vida activa é, en parte, a que lle dá nome ó Conservatorio da Universidade Popular, pero tamén fai que un profesor teña que ausentarse das clases varios días. Sen embargo, o 95% dos alumnado está contento. Para min a dirección de Rodrigo non só é acertada, é ideal: liberdade de opinión, democracia absoluta, e seriedade e claridade nos criterios. E se se dera o caso de non estar de acordo nalgo con el, Rodrigo ten sempre a man argumentos ven fundamentados e sólidos que lle fan pensar de determinada forma e ter unha dirección totalmente fiel e de corazón. E iso é impagable.

*A.-¿En que punto da súa vida se atopa o Conservatorio?*

*C.-*Todos saben que a entidade tivo tres anos de problemas pola inestabilidade do terreo onde se asentaba o edificio. Era un edificio precioso de 1903 doado por García Barbón. Pero Vigo estase abrindo ó mar polo centro. Houbo que desaloxalo por seguridade. Entre que se buscou un novo local houbo cincuenta mil saltos dun sitio a outro. Había bastante traballo movéndose dun sitio a outro e trasladando, entre outras cousas, un taller enteiro de elaboración de gaitas tradicionais. Unha vez asentados, xa hai máis metas.

*A.- Como a colaboración con outros conservatorios.*

*C.-*Os proxectos de colaboración estiveron conxelados. Parece que o ano pasado volveu xurdir ó estar un curso enteiro no mesmo edifico. Temos xa a man botada ó Conservatorio de Música Tradicional de Lalín. Tamén hai outras ideas pero aínda non pasaron polos filtros da Dirección Xeral da Universidade Popular e da Xunta Rectora. Ademais hai que ter en conta que universidades populares hai moitas en España e no estranxeiro pero o funcionamento de cada unha é totalmente dispar.

*A.-¿E a estabilidade trae proxectos novos nos planos de estudios?*

*C.-*Cun lugar propio pénsase en traer materias de requinta ou acordeón diatónico.

*A.-¿E que tipo de alumnos tes?*

*C.-*Todo tipo de alumnado adulto, dos dezaoito ós 72 anos e máis. Teño tres alumnas da "terceira xuventude" que non sei o que lles vou ensinar. Unha concretamente veciña de Bustelo (Lalín) que ten 60 anos é pandereteira de toda a vida, ou outra que ó segundo día tocaba todo porque evidentemente tiña gravado na memoria todo o que tocaba de pequena coas súas irmás. Quizabes o problema é que os alumnos veñen con diferentes intencións, e isto complica a tarefa do profesor. Os estudios non están directamente enfocados a un fin profesional e eu quero ir máis aló de entreter a un determinado sector da poboación e o Canto Popular non é canto de taberna.

"Tódolos profesores temos unha actividade tan interesante fóra como a que temos dentro"

# A Frauta Traveseira

Arquivo: Pablo Mato

A frauta é un dos instrumentos máis antigos que se coñecen, pois está presente na historia dos pobos primitivos da maioría das civilizacións. Na Idade Media, xunto co uso de frautas de tipo popular, aparecen xa mencións á frauta de pico. Durante o Renacemento esta frauta de pico evoluciona, desenvolvéndose a familia con distintos tamaños de frautas, co que se empeza a xogar cos distintos timbres. O Barroco é a época dourada da frauta. O instrumento perfecciónase, construíndose en varias seccións, incorpórase á orquestra barroca, e numerosos autores coma Vivaldi ou Telemann a inclúen nas súas obras. A frauta traveseira vai desprazando á de pico durante o século XVIII e cae no máis absoluto dos esquecementos durante o século XIX. O interese por este instrumento volve no século XX, polo interese pola interpretación de obras con instrumentos orixinais, ademais de ser un instrumento básico na pedagoxía musical escolar.




A frauta traveseira era xa moi utilizada na Idade Media, sobre todo coma instrumento militar, aínda que estaba menos valorada que unha frauta de pico. No sec. XVII mellórase a súa construcción e empeza a gañarlle terreo á frauta de pico ata chegar a formar parte da segunda sinfónica no séc. XVIII. A mediados do século XIX Theobald Boehm desenvolveu un complexo sistema de orificios e chaves para tapar estes orificios que mellorou substancialmente as súas calidades interpretativas. A principios do séc. XX ten lugar o último cambio na súa evolución: aínda que tradicionalmente foi construída en madeira, adáptase ó metal. Aínda hoxe se inclúe dentro da familia de vento-madeira por tradición histórica e mais por calidades sonoras e constructivas. Está composta de 3 pezas: a cabeza, o corpo e o pé, que xuntos dan lugar a un tubo sonoro acústico duns 61 cm. de lonxitude. O tubo está pechado pola embocadura e aberto no pé. O seu son é suave e suxerinte no rexistro grave, e brillante e potente no agudo. É un instrumento de gran axilidade, capaz de executar arpexos, trinos ou grupos de notas con gran velocidade.

A frauta máis comunmente utilizada é a frauta en do, que ten un rexistro de tres oitavas completas. Na orquestra é frecuente o frautín, que soa unha oitava por riba da frauta, e que aínda se constrúe en madeira, e mais excepcionalmente, a frauta contralto en sol. As frautas baixo e contrabaixo son de recente aparición e úsanse case que exclusivamente na música de cámara.

Da frauta traveseira barroca derivan instrumentos semellantes, que non sufriron os cambios técnicos que desenvolveu T. Boehm, e polo tanto consérvanse nun estado primitivo practicamente sen alteracións. Como exemplo destes instrumentos podemos poñer a requinta e a frauta traveseira, esta última en dúas ou tres partes e coa posibilidade de ter algunha chave auxiliar.

Quizais de tódalas áreas xeográficas do noso país unha das máis atractivas en canto a fenómenos musicas máis relevantes que alí se rexistran sexa a comarca da Fonsagrada.

Situada na parte oriental da nosa comunidade autónoma, podemos atopar dende cantos de interpretación libre, ó máis puro xeito asturiano, pola proximidade xeográfica con dita rexión, ata gaiteiros solistas ou acordeonistas que algún día poboaron tamén esta basta rexión, ou as trompas, fenómeno tamén destacable por singular de dita zona. Pero a nosa curiosidade desatouse cando comezamos a investigar alá polo concello de Cervantes; nos pobos que se sitúan ó longo do límite xeográfico co da Fonsagrada, os nosos informantes comezaron a falarnos dos cuartetos integrados por unha gaita, unha frauta traveseira, caixa e bombo con pratos, de todos é ben coñecido que o fenómeno das frautas traveseiras ten a súa máxima expresión ó longo do Val do Ulla, nas coñecidas requintas pero que de xeito xeral foi pouco normalizado en toda Galicia. Quizais isto foi unha das cousas que nos motivou a face-la nosa investigación e tecer esta tea de araña, tratando de unir diferentes pobos por un mesmo feito en común, co que podemos entender que, dalgún xeito a comunicación entre áreas moi dispersas de poboación tamén se chegou a dar. Do mesmo xeito podemos dicir que puido ser un fenómeno de moda que se estendeu gracias ás feiras, que non eran mais que grandes eventos quincenais nos que se chegou a intercambiar de todo, incluso parte da cultura que nós agora atopamos, xa que ós lugares ós que imos facer alusión foron a comezos dos anos 40 grandes núcleos de intercambio, tanto de mercadoría coma de feitos culturais tanto no baile coma na música. Dun xeito ou doutro a comarca da Fonsagrada, Cervantes, Navia, Baralla e o seu entorno estenderon un fenómeno que nós puidemos constatar.

A frauta traveseira que se emprega ou se empregou na comarca da Fonsagrada e pobos limítrofes é unha frauta de catro corpos de madeira que está na tonalidade de SOL, acompañada de multitude de chaves que permiten subir ou baixar dúas oitavas. Acompaña á gaita nalgún caso como podemos constatar na parroquia de Quindous, no concello de Cervantes, no mesmo pobo de Baralla, sendo esta formación de total similitude a outras atopadas no Val da Cancelada, de camiño cara o concello de Navia de Suarna. Vemos así como se establece un nexo común entre todas estas zonas próximas e á vez tan distantes entre si, e chegamos a conclusión final de que as frautas son de orixe francesa e que foron mercadas durante o servicio militar por xente que tiña algún tipo de inquietude musical, así coma polas dúas bandas de música que a finais do pasado milenio coexistiron na Fonsagrada, que por convivir coa cultura tan fonda que había e hai nestes pobos, ou ben se arrimaron ós gaiteiros para traslada r esas pezas á tesitura das frautas ou ben, na

José Fernández de *Corneas de Baleira*

ausencia das gaitas, comezaron a xuntarse para animar pequenas festas do lugar no que residían os compoñentes das mesmas, que pouco a pouco foron derivando nun fenómeno con singulares características. Pero sucedeu que a tradición do baile adoptou coma seus estes novos instrumentos. Vemos coma de novo o importante era a diversión do pobo e non con que se divertían, senón que do que se trataba era de facer unha festa, a maioría das veces sen máis motivo que a diversión. O caso máis claro é o que se nos deu na aldea de Freixo, pertencente ó propio concello da Fonsagrada, onde nos topamos coa referencia de ata cinco persoas que nalgún tempo fixeran as Polavilas neste pobo cunha singular formación, dúas frautas traveseiras e unha caixa como elemento percutido e algunha que outra vez cun bombo, polo que puidemos sacar e constatar da boca dos nosos informantes era un feito cotiá o de facelas Polavilas da semana con este tipo de formación, pretiño deste pobo da Fonsagrada está un dos últimos expoñentes destes músicos que amenizaba ditas Polavilas, del amosámosvos esta foto cun dos seus bens máis prezados, a súa frauta.

EL CENTRO BRITÁNICO

• Profesores nativos cualificados e con experiencia • Grupos Reducidos
• Idades: nenos, xoves e adultos • Horario: mañá, tarde e noite
•Preparación de exames Cambrigde KET, PET, FCE, CAE, CPE, TOEFL

**SANTIAGO**
Rep. de El Salvador, 28 - entreplant.
C.P. 15701
Tel./Fax: 981 59 74 90

**BERTAMIRÁNS**
Rúa do Rueiro, 7 Baixo
C.P. 15220
Tel.: 981 88 42 91

# Don Perfecto Anido

## *Artesán e regueifeiro*

Recordo que Don Perfecto Anido ten ollos moi novos. Sen embargo, por moito que o intento, non son capaz de lembrar de que cor son. Será que os ten demasiado cheos de recordos. Recordos que non son recordos do vivos que están. E gústalle falar deles porque ten a valentía e humildade de recoñecer que a súa vida foi moi interesante. Así, vai contando unha a unha, anécdotas que ten ben aprendidas porque xa non é a primeira nin a última vez que lle veñen á cabeza.

Don Perfecto Anido é un dos Regueifeiros Maiores do Reino. Eu non sei moito de regueifas, pero cando el me falou delas, imaxineime unha loita de palabras e notas coa única regra da espontaneidade e na que só gañan o enxeño e a sorna. Case nada. E como os xenios, como os mellores na batalla, Perfecto goza cos bos contrincantes, con aqueles que lle fixeron medrar como regueifeiro. " Son dos que fala con sorriso de home novo. Como aquela vez, nunha voda en Mazaricos. ¿Que como acabou? Como acaba todo aquí, comendo."

Aínda que ten máis de oitenta anos, os seus recordos de regueifeiro chegan ata onde teñen que chegar, isto é, ata onte. E é que o Señor Anido foi ó Luar. Explícame a diferencia entre as regueifas de antes e as regueifas do Luar, medidas e controladas. Gustoulle ir ó Luar, pero a regueifa era así, pero non era así, ¿entendes?

Move as mans ó ritmo do que fala, para min que non sabe o que é facer nada. Quere moito ás súas mans porque lle axudan a facer realidade o que matina. Por exemplo cos cestos. Aprendeu mirando e facendo. O primeiro saíu mal. Pero despois ata puido gaña-la vida. Son cestos feitos a man. Perdón, de artesanía. Con varas de vimbio, por exemplo. Intenta explicarme como enlaza, por onde empeza, como remata. ¡Uf!

A Don Perfecto gustoulle aprender. E gústalle aprender. E gústalle matinar para aprender por si mesmo. Matina, matina para facer formas novas e ata innovadoras. Na cociña da súa casa de Rial, en Val do Dubra, ten un cestiño-froiteiro cun pé redondo ó que lle deixou varas soltas cara arriba a modo de raios. É do máis feitiño. Perdón, de artesanía.

Coas mans tamén fai traxes de xuncos. Seica antes usábanse contra o frío e a chuvia, por exemplo, para ir a cabalo. Un xunquiño é unha cousa máis ben feble. Pero moitos xunquiños unidos maxistralmente con máis xunquiños ben trenzados, ben anoados, forman unha coiraza impenetrable. A ver. Temos unha capa, temos unhas polainas e temos un pucho. E dixen que Perfecto era innovador e dixen ben. Entre outras cousas, e como fai el, matinando, matinando, plantoulle unha viseira de xuncos ó pucho.

Conclusión. Xa dixen que a Don Perfecto Anido lle gustaba aprender, ata de si mesmo. E a min gustoume aprender del. Ás veces dáme a impresión de que nos repetimos ó dicir por que facemos o que facemos, por que traballamos no que traballamos, e por que estamos no que estamos. Pero se remato sempre na mesma conclusión por algo será. Gracias por falar con nós, Don Perfecto.

# ¿Folclore ou espectáculo?

A miúdo xorden conversas e confrontacións sobre o noso folclore e a súa posta en escena. Establécense varios puntos entre diferentes vertentes de agrupacións que, habitualmente, veñen de ser encadradas en dous grandes grupos.

O primeiro é o grupo que encadra o folclore tradicional ou purista e o segundo é o de folclore arranxado ou coreográfico.

Ó longo de varios anos de debates e confrontacións inda non se acadou un nivel de acordo ou criterio común, o que nos fai pensar que algo falla nos dous ámbitos, pois ningunha das dúas vertentes aquí citadas posúe unhas características propias afincadas, con claros esquemas, fronteiras nítidas e metodoloxías constantes.

Como director dunha agrupación como "O Fiadeiro", loxicamente encadrada no grande grupo do "folclore tradicional" aventúrome neste artigo a expoñer a miña visión particular deste conflicto silencioso que tanto nos ocupa e preocupa ós que nos dedicamos ó folclore galego.

Vaia en primeiro lugar unha breve reflexión sobre a falla de cimentos que mantén este debate dende as súas orixes. Dáse o caso de que, segundo o meu punto de vista, é necesaria a coexistencia de diferentes formas de entendemento, criterios de traballo e plena aceptación e consecuencia co mesmo, mais estas circunstancias danse na menor parte das veces. Por norma xeral tendemos, e me inclúo sen rubor, a disfrazar teorías e normas co fin único de ser diferentes ou simplemente "máis auténticos e veraces", de tal forma que as bases que fundamentan os debates xurdidos caen como pardiñeiros ou castelos no aire.

Por norma, cústanos separa-la faceta recuperadora da faceta transmisora cando, segundo o meu entender, non están nin deben estar ligadas nos nosos casos artísticos e si deben estalo en casos científicos.

Os colectivos tradicionais somos responsables e sentímonos orgullosos de boa parte da investigación "afeccionado-etnográfica" que

lle serve de base a outros colectivos e estudiosos para sacar unhas conclusións veraces, pero, ¿de verdade somos os cabaleiros da conservación?... Conten vostedes que, salvo dúas ou tres asociacións concienciadas, o resto dedicámonos á simple posta en escena daquilo que moitas veces recuperamos e, case sempre, co da busca de repertorio dirixido ó escenario.

¿E as publicacións? ¿E as teses?

¿E os estudios sociolóxicos, antropolóxicos, musicais, etc...? Porque, saiban vostedes que son estes os que outorgan información veraz -ou máis achegada á veracidade- e (non nos enganemos) non as propostas escénicas de vivas cores e ricos tecidos, xogos de luces e equipos de son.

Persoalmente son partidario de simplifica-los debates a un ou dous temas. Sentémonos a debater cómo, cando e porqué recuperar e recoller, que outro día nos sentaremos a debater cómo, cando e porqué escenificar.

Por outra banda, non pertenzo ó mundo das agrupacións coreográficas aínda que, como moitos dos que hoxe en día acusan con desprezo a estas, formeime nunha delas, a cal me serviu de ponte para o que eu considero unha substancial mellora tanto persoal como colectiva. Aínda así, atrévome a dicir que os traballos máis admirables son os que se fan con paixón e fe absoluta neles, e que cando son acertados perduran e cando non o son, outros traballos igual de apaixonados e fieis os substitúen sen reparo algún. Aquí é onde considero que fallan os chanzos da súa escada, ó non manter un criterio constante nas súas execucións, e sacar da manga, sen ningún tipo de remordemento, ases explicativos que pretenden convencer ó público en xeral con medias verdades.

¡Sexamos consecuentes !

O meu humilde aplauso a todos aqueles que fan o que queren e estiman necesario para a súa realización artística e, coa cabeza ben alta, berran -porque me dá e peta-. A miña crítica voraz a tódolos que tentan disfraza-lo seu traballo con meigas dalgún tempo, muíños en atardeceres lúdicos dalgunha provincia galega ou castelos tomados a golpe de ronco nalgún século que se esqueceu, coitado, de pasar os anais da historia, aínda que entendo que algún método hai que utilizar para facer crible a nivel social e institucional unha visión que só é válida, e moi válida, como elemento artístico e nunca como elemento digno de lores axeitados ó doutor Livingstone supoño.

*Francisco Javier Feijoo Álvarez*
*"Chisco".*

# A "Música de Pouso"

Formada por veciños das parroquias de Agrón e Trasmonte, pertencentes ó Concello de Ames, a «Música de Pouso» foi unha banda de música moi enxebre, chegando a ter na súa mellor época un número de trinta e cinco músicos.

Desaparecida a comezos dos anos sesenta, os vellos do lugar datan a súa creación a mediados do século XIX, sendo no seu comezo formada por paisanos sen coñecemento da música pautada e da lectura de partitura, formándose paseniñamente polo seu mentor e primeiro director, o «Pouso».

Esta banda amenizou tódalas festas parroquiais da comarca, tocando en concellos como os de Negreira, Santa Comba, Trazo, Brión e como non Ames. O estar os membros tan vencellados ós seus costumes populares, non deixaban de participar nas diversas ruadas que xurdían despois dos traballos comunais nas aldeas, dándolle un aire musical ós temas populares cantados coa pandeireta e aconpañando ó toque tradicional dos gaiteiros da zona como o de José Vilouta, Gaiteiro de Gonte.



O Pouso ca súa futura dona

Un día sinalado no programa de actuacións da "Música" de Pouso era o día de Reis. Os Panxoleiros da zona, despois de facer reconto de viandas e cartos recibidos dos aguinaldos dos veciños, contrataban unha partida de músicos (segundo chegaran os cartos) para amenizar unha ruada memorable no ano, das que xurdiron namoramentos, que nalgún caso chegaron a «maiores» ,como entre risos e arroibado comenta o meu informante.

Carlos X. Vidal

A "Música" facendo un pasarrúas na festa patronal en Agrón - Ames

# Adiviñas

***Adiviñas recollidas por Montse Rivera en Lavadores - Naia ( VIGO)***

Para beillar póñome a capa
e con capa non podo beillar

Benvido sexas amigo
que na cama, que no chan
teus gustos se cumplirán

Detrás de una puerta
yo te vi hacer
echar de barriga, sacar y meter
sacar y meter, echar de barriga
no piensen mal señores que no hai picardía

Alto picote, redondo molete
chova que neve nunca se derrete

Un redondindín, un redondán
un saca mete un saca pon
sácalo maridito, que yo lo quiero ver
que Dios te lo conserve vuélvelo a meter

PARAFARMACIA
FARMARRÓ
Alimentación e hixiene do teu bebé
Herboristería
Cosmética facial, corporal e capilar
Telf. 981 58 17 88
Algalia de Arriba, 34
15704 Santiago de Compostela

ARTESANÍA EN COIRO E TEXTIL
OBRADOIRO
TENDA

medialúa
Rúa Travesa, 5-baixo
Tlf. / Fax: 981 - 58 23 89

IMPRESIÓN DIXITAL E LASER
T 44
FOTOCOPIAS
ENCADERNACIÓNS
•Fotocopias
•Fotocopias B/N (Dixital)
•Fotocopias COR (LASER)
•Fotocopias de planos
•Tesis e tesinas
•Papelería
•Plastificados
•Tarxetas de visita
•Carteis
•Servicios de fax
•Presentación de informes
•Encadernacións
R/ República Arxentina Nº 44 B
Telf./Fax: 981 59 26 26
R/ San Roque Nº 31 B
Telf./Fax: 981 56 68 96

# XV Concurso de Baile e Música Tradicional "Camtigas e Agarimos"

## Os gañadores da XV edición

### 1ª CATEGORÍA DE PANDEIRETA

**1º Premio**
*FOLIXEIRAS*
C.P. Sagrado Corazón

**2º Premio**
*VESADIÑA*
A.C. A Mámoa de Luou

### 2ª CATEGORÍA DE PANDEIRETA

**1º Premio**
*A.C. Donaire*

**2º Premio**
*A. F. Lembranzas da Ría*

## 1ª CATEGORÍA DE BAILE



**1º Premio**
*Grupo A*
AA. VV.
*A Coteleira*

**2º Premio**
*Liceo de Noia*

**3º Premio**
*A.P.A*
*Colexio Ponte dos Brozos*

## 2ª CATEGORÍA DE BAILE

**1º Premio**
*Grupo B do Liceo de Noia*

**2º Premio**
*A.P.A.*
Airavella

**3º Premio**
*BUXAINA*
A.C. Argazo

## CUARTETO TRADICIONAL

**1º Premio**
*TREMIÑADO*

**2º Premio**
*OS REXUMEIROS*

## 1ª CATEGORÍA GAITEIRO SOLISTA

**1º Premio**
*Daniel Bellón García*



**2º Premio**
*David Cambra Veiga*

## 3ª CATEGORÍA DE BAILE

**1º Premio**
*XEIRA*
A.P.A.Ponte
*dos Brozos*

**2º Premio**
*C.C. A Ponte Vella*

**3º Premio**
*AA.VV.*
*A Coteleira*

## PREMIO Ó MELLOR ACOMPAÑAMENTO

***BALIDEIRO***
*C. P. Salgado Torres*

## 4ª CATEGORÍA DE BAILE

**1º Premio**
*TRAFALLÁN*
*A.X. Xacarandaina*

**2º Premio**
*C.C. Pontevella de Reis*

**3º Premio**
*Grupo C*
*A.F. Arrreixeira*

## 2ª CATEGORÍA GAITEIRO SOLISTA

**1º Premio**
*Agustín Sánchez Iglesias*

**2º Premio**
*Secundino Puentes López*

La Novedad
Mercería

*Botóns, pasamanería, adornos e accesorios para traxes rexionais, galóns e flecos ornamentais e outros artigos para a confección*

MÁIS DE 50 ANOS Ó SEU SERVICIO

Acibechería, 2
Teléfono 981 58 20 45 - Fax 981 57 34 47

Rúa Nova de Abaixo, 1
Teléfono 981 59 02 77




## SOPA DE LETRAS

*Atopa sete oficios*

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| H | M | C | P | D | T | V | X | A | Z | O | B | H | G |
| T | R | C | H | Z | O | Q | U | E | I | R | O | O | X |
| Z | W | Q | O | A | D | T | Y | H | B | R | G | R | T |
| O | D | S | Ü | E | F | L | Ñ | H | I | O | A | I | K |
| R | V | E | W | Q | X | O | F | E | I | L | R | E | F |
| I | E | S | V | G | F | U | U | T | R | C | D | U | N |
| E | J | M | N | H | Ü | Q | K | T | F | R | E | G | D |
| T | X | F | Y | U | A | O | P | K | A | F | I | U | W |
| A | U | X | C | B | N | J | H | G | I | S | R | A | O |
| P | E | S | A | F | W | G | H | F | A | D | O | R | T |
| A | J | C | L | Ñ | P | Ü | Y | R | E | D | C | A | V |
| Z | O | P | N | A | F | I | A | D | O | R | J | P | L |

# Un conto

## O GAITEIRO E MÁIS O LOBO

Había unha vez un gaiteiro que fora tocar a unha foliada e cando rematou déronlle unha boa cesta con doces e queixo como pago polo seu traballo.

No camiño de volta á súa casa saíulle o lobo e díxolle:

- ¡Voute comer!

- ¡Non, non me comas, ho!. Se non me comes

douche o queixo mailos doces.

O gaiteiro foille dando doces e partindo cachos de queixo ó lobo ata que se lle acabaron.

- ¡Pois agora voute comer!

- ¡Non, non me comas, ho!.

Pero o lobo deu media volta e foi buscar ós seus compañeiros, e mentras o gaiteiro aproveitou e púxose a trepar por un carballo para ver de salvarse.

Pronto chegaron tódolos lobos e puxéronse a rascar no carballo. O gaiteiro seguía subindo polo carballo arriba e sen querer sonoulle a gaita; os lobos o oír o chío colleron medo e fuxiron a todo correr.

- ¡Ai si! tedes medo deh?. Xa sei o que teño que facer.

Baixou do carballo e púxose a toca-la gaita. Así foi como o noso gaitero chegou á casa san e salvo

SOLUCIÓNS DE PASATEMPOS E ADIVIÑAS

Chafoutas, cabaqueiro, bogardeiro, paraugueiro, afiador, zoqueiro, zapateiro

1-O trompo 2-O sono 3-Amasar
4-O sol 5-O reloxo de bolsillo

# Escola de Muiñeira

*... de 5 a 99 anos ...*



**GAITA**
**PANDEIRETA**
**BAILE**
**E**
**PERCUSIÓN**

MEDALLA DE PRATA DA CIDADE DE SANTIAGO E SOCIO DE HONRA DO PATRONATO ROSALÍA DE CASTRO

Algalia de arriba, 11 B • Tlf. 981 58 12 57 • 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA • C.I.F - G 15045479